

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL	<b>Departamento de Orientación</b>
	C.E.I.P. José Cornide Saavedra Avenida da Sardiñeira, 42 - 15007 Telf.: 981 248 796 e-mail: <a href="mailto:ceip.cornide.saavedra@edu.xunta.es">ceip.cornide.saavedra@edu.xunta.es</a>

## ORIENTACIÓNS PARA AS FAMILIAS

Dende o Departamento de Orientación facilitamos unha serie de orientacións ás familias para os seguintes días. Trátase de pautas xerais a ter en conta coas nenas e nenos no fogar, favorecendo así a estancia e o proceso de desenvolvemento. Como acompañantes no proceso podemos desenvolver as seguintes actuacións:

- Comezar o día xestionando o tempo, as actuacións e actividades a desenvolver:
  - Empregar un calendario no que ir marcando os días, a medida que estes van pasando, para facilitar a temporalización por parte do alumnado.
  - Facer un pequeno *planning* coas nenas e nenos organizando así as actividades a desenvolver e a xestión do tempo. Podemos ir sinalando aquelas actividades feitas. Empregar apoio visual se é preciso.
  - Incluír tempos de descanso e merenda a media mañá e media tarde.
- Participar nas rutinas que se desenvolven no fogar en relación ás posibilidades do alumnado, atendendo á idade e ás posibles necesidades:
  - Limpeza de espazos e materiais ou recursos empregados.
  - Cociña, invitar a que as nenas e nenos participen na elaboración das distintas comidas desenvoltas ao longo do día; escoller receitas para elaborar co alumnado atendendo á dificultade, os pasos, os alimentos necesarios, reparto de actuacións. Podemos facer fotos do proceso e do resultado, escribir as receitas, compartilas e degustalas.
  - Organización dos espazos do fogar aproveitando este tempo para organizar o noso cuarto, facer limpeza, descubrir recursos e xogos.
  - Participar na lista da compra, pensar no que se precisa, anotalo, gardar a compra.
- Manter unha rutina distribuindo o tempo de xeito que favoreza a realización de actividades curriculares, actividades lúdicas e o descanso do alumnado.
- Empregar, no caso de ser preciso, apoio visual que favoreza a organización do tempo ao longo do día no que incluír actividades desexadas.
- Compartir a realización de actividades lúdicas e xogos coas nenas e nenos.
- Realizar actividades físicas, dentro das posibilidades do fogar, que axuden á conciliación do sono.
- Favorecer o descanso mediante a lectura autónoma ou en conxunto.
- Dar resposta a preguntas que as nenas e nenos poidan facer en relación á cuarentena.
- Permitir que participen en intercambios comunicativos telefónicos ou telemáticos cos familiares e amigos achegando tranquilidade.